

FORO DE INMIGRACIÓN

Decálogo para o tratamento informativo non estereotipado da inmigración

Consciente da importancia dos movementos migratorios, da obriga moral de acoller a quen precisa de apoio e pulo para establecerse en terra allea, das dificultades das persoas para incorporarse á vida cotiá en sociedades nas que moitas veces se sinten excluídas, da desconfianza hacia o descoñecido e do necesario esforzo para coñecermonos, amais da solidariedade coas vindeiras xeracións multiculturais para conquistar unha convivencia en harmonía, o **Foro de Inmigración**, amparándose na

Declaración Universal dos Dereitos Humanos

Artigo 1.- Os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros.

Artigo 2.- (1) Toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción de raza, color, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición. (2) Amais, non se fará distinción fundada na condición política, xurídica ou internacional do país ou territorio de cuxa xurisdición dependa unha persoa, tanto se se trata dun país independente coma dun territorio baixo administración fiduciaria, non autónomo ou sometido a calquera outra limitación de soberanía.

Propón a medios de comunicación social, profesionais do xornalismo, gabinetes de prensa e, en xeral, a toda persoa divulgadora de información e de textos científicos e literarios, o seguinte

Decálogo para o tratamento informativo non estereotipado da inmigración

1.- ¡Coidado cos titulares! Poden ser demoledores

Moitas persoas comezan e rematan o seu proceso lector nos titulares e, polo xeral, só se paran a ler aquilo que lles interesa, lles afecta ou lles chama a atención, de xeito que o que se destaca dun texto é fundamental para formación de opinión pública. Os títulos, a secas, sen a súa contextualización, poden exercer un efecto socialmente demoledor e perverso sobre a percepción das persoas. É responsabilidade dos divulgadores de mensaxes orais e escritas valorar as súas consecuencias e proceder en conciencia.

2.- ¿Español, galego, sirio, coreano? ¿Persoas ou etiquetas?

No caso de que sexa necesario especificala, a procedencia dos protagonistas da noticia debería aparecer suficientemente xustificada para non caer na xeneralidade nin na simplificación informativa. As etiquetas teñen unha forte función semántica e son moi atractivas dado o seu impacto oral e visual. É recomendable o uso medido das palabras para tratar con equidade aos protagonistas das novas. Son prescindibles estruturas do tipo “Dous dos seis asaltantes do tren correo poderían ser magrebíes” (¿Quen son os outros catro?). Nese contexto de probabilidade, ¿aportaría algo sustancial ese dado? Os autores deberían analizar eses aspectos valeiros de contido antes de divulgarlos.

3.- Persoas (nin ilegais, nin “sen papeis” nin clandestinos), só persoas

Os estereotipos comezan co uso inadecuado da linguaxe, mediante a que se espallan e deforman as imaxes dunha realidade que, moralmente, nos obriga a ser solidarios. Independentemente da súa procedencia, a cor da pel, do sexo ou da relixión, as persoas teñen dereitos. Agradécese o desterro de expresións que desmerezan e desvirtúen a condición humana. Termos como “ilegal”, “sen papeis” ou “clandestinos”, amais de denigrantes, son léxica e mesmo xurídicamente incorrectos no contexto en que se usan para referirse á situación dos estranxeiros. De ter que usalas, son máis apropiadas e preferibles palabras como “irregular” ou “indocumentado”.

4.- Humanizar implica non “paterizar”, non criminalizar, non colectivizar

Consecuencia do indebido uso da linguaxe e da falta de reflexión é a xeralización do discurso xornalístico. Ás veces da a impresión de que todos os inmigrantes chegan ao país en pateras, son criminais, proxenetas, se prostitúen ou participan en actividades mafiosas. A redacción xornalística, en concreto, tende ás veces, vítima das présas, a interpretar o conxunto en función dos efectos producidos pola parte, de tal xeito que non é raro que se identifique unha determinada nacionalidade con aspectos sórdidos ou delictivos. Os inmigrantes non son, per se, nin mafiosos nin terroristas, como tampouco o son os italianos, os bascos ou os irlandeses por viviren en sociedades ameazadas pola extorsión ou a violencia. Nun estado de dereito só se é convicto cando se proba legalmente o delito cometido.

5.- ¡Sigán e documenten esa noticia!

Elaborar informacións veraces require documentarse e apoiarse en datos sólidos e equilibrados, o que non sempre resulta doado. Os autores, profesionais ou non do xornalismo, deberían coidarse de non se convertiren tamén en vítimas. As novas da inmigración adoitan seren case sempre negativas e relátanse con abundantes termos discriminatorios. Coas modernas tecnoloxías é sinxelo contrastar e seguir as noticias para asegurar os contidos, o que reforza o traballo propio do autor.

6.- Linguaxe e fontes, claves para unha mensaxe responsable

Axencias de noticias e gabinetes de comunicación son fontes comúns nas Redaccións dos medios de comunicación, que en moitos casos actúan coa mesma présa que os propios xornalistas. Do mesmo xeito que se lé a información para reelaborala e publicala, deberíase comprobar a linguaxe para, sen desvirtuar a mensaxe, evitar expresións que contribúan a denigrar a imaxe das persoas. Sería o caso de descripcións como “un individuo de aspecto cetrino y desaseado”, que non achegan ningún dado obxectivo. Consideraríase positivo que as Redaccións periodísticas contasen con editores formados en cuestións de estranxeiría e que os xornalistas se proveesen de fontes e informadores introducidos nos colectivos de residentes estranxeiros, aos que recurriren como soporte para un mellor desenvolvemento do labor profesional. A diversificación das fontes favorece tamén a diferenciación informativa.

7.- Un cárcere de papel para o sensacionalismo

Afirmacións como “El rechazo a la integración y un elevado paro convierten los guetos en potenciales focos terroristas” non só parecen indemostrables, senón que causan temor e desconfianza, amais de inxustos, porque moven á xeneralización e ao tratamento estereotipado dos estranxeiros, mesmo dos sectores máis vulnerables desta poboación, cuxa indignada reacción pode motivar efectos coma os que se tratan de evitar. As mellores noticias adoitan seren sensacionais, non sensacionalistas.

8.- O positivo é mellor que o negativo

Organismos internacionais, institucións políticas e sociais, asociacións e millóns de persoas consideran que os movementos migratorios son positivos polos aportes demográficos, sociais, culturais e económicos que xeran os seus protagonistas. Informar dos beneficiosos efectos e dos actores que o fan posible é tan obrigatorio para un xornalista coma informar do contrario. O papel da muller na sociedade de acollida, a escolarización dos rapaces e a formación universitaria dos mozos, a convivencia multicultural ou o fortalecemento de sectores laborais en declive son factores que contribúen aos cambios sociais que se están a producir, moito máis decisivos para o futuro do país que os negativos, nada estraños, por outra parte, á actividade humana en calquera parte do mundo, mesmo nas sociedades máis civilizadas.

9.- A imaxe, ¿máis eficaz ca palabra?

Poucas cousas son máis eficaces para transformar a realidade que as imaxes. Se a linguaxe é importante para o tratamento da inmigración, as imaxes gráficas tamén o son. Ás veces, máis. O profesional debe asegurarse de que as que utiliza responden á realidade e non afectan ao honor nin a dignidade das persoas. As fotos de arquivo son un risco para calquer individuo ou colectivo, polo que, sempre que sexa posible, as fotos deben ser tomadas no día e estar directamente relacionadas cos protagonistas. Se non fose posible, é mellor non publicalas e optar por unha ilustración alternativa (infográfica), se a información debe, necesariamente, levala.

10.- Ser visible é existir: démoslles unha oportunidade

A migración é unha realidade. Millóns de persoas desprázanse polo mundo por múltiples motivos. Negar aos galegos dereitos en calquera parte do globo é tan insolidario como negarllos a un non galego en Galicia. Todos, esteamos onde esteamos, temos dereito a vivir dignamente, pero tamén a ser recoñecidos na diferenza e a ser tratados con respecto. A linguaxe e o tratamento informativo do fenómeno mundial da inmigración son fundamentais nunha sociedade xusta. O xénero humano é migrante desde o principio dos tempos e a sociedade actual, unha consecuencia da mestura de experiencias comúns, das que se teñen producido grandes e beneficiosos avances para todos. Escribir e falar sen prexuízos sobre os actores dese fenómeno é a mellor maneira de facelos responsables das súas obrigas como cidadáns e de darlles a oportunidade que buscan e merecen.

